



interea *formación*



Plan Formativo

Área de Cultura, Educación
e Patrimonio
Histórico-Artístico

**Accións formativas
2007 - 2008**





Tecendo redes culturais

Rematada cunha valoración positiva a fase experimental do Plan Integral de Formación e Desenvolvemento da Acción Sociocultural Municipal na Provincia da Coruña 2005-2011, elaborado polo **Grupo Interea** a instancias da Área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico da Deputación Provincial¹, e da que se deu conta no transcurso do Interea Foro 2007, retomamos o labor formativo cunha dobre perspectiva: dunha banda, manter e, se cabe, ampliar as opcións temáticas e metodolóxicas previstas no deseño do mesmo; doutra, dar cabida a iniciativas emerxentes, xurdidas e/ou afianzadas no labor realizado nestes últimos anos, nos que a implicación e colaboración dos participantes ten sido especialmente relevante, tanto no plano persoal coma no colectivo.

Nesta edición, desde unha decidida perspectiva técnica-profesional, **Interea-formación** quere comprometerse coa creación, apoio, consolidación, expansión e difusión de **redes de intercambio e colaboración**, coa vontade de ampliar horizontes, superar carencias, xerar sinerxías, procurar innovacións... Con este fin suxerimos para o ano 2008 varias propostas que, entrelazadas, reforzan a trama e urdimbre das redes que se van tecendo no desenvolvemento cultural local. En concreto, suxerimos accións formativas con valor autónomo, pero complementarias na perspectiva integral da colaboración e intercambio no quefacer cultural. Apuntan á capacitación individual e grupal para a acción conxunta, respectando sempre a intención de que a formación, como espazo reflexivo para a acción e na acción, cristalice realmente no quefacer cotiá.

As modalidades de formación son variadas –obradoiro, xornada monográfica, seminario, congreso– tratando de acomodarse tanto ás características dos temas abordados, como aos condicionantes laborais e temporais do labor político e técnico nos concellos (calendarios, horarios, acumulación de tarefas etc.). Tamén xeograficamente se diversifican as iniciativas que serán desenvolvidas en diferentes concellos da provincia.

Unha vez máis agradecemos e agardamos a vosa participación sen a cal a proposta que presentamos carecería de sentido.

¹Pódese consultar o documento na páxina web www.dicoruna.es/cultura/interea



<p>Liña de acción formativa</p>	<p>Actividades 2007 - 2008</p>
<p>A Axenda 21 da Cultura e a súa proxección nos planos estratéxicos municipais</p>	<p>Curso² A planificación estratéxica na acción cultural local</p>
<p>Cultura en rede</p>	<p>Xornada Monográfica Cultura en rede. Cooperación intermunicipal en cultura</p> <p>Obradoiro A web como espazo da cultura en rede</p> <p>Seminario Tecendo redes de cidadanía. Prácticas de participación cidadá</p>
<p>Congreso De estudantes a profesionais na acción socioeducativa e cultural local³</p>	

²Convocado no Plan de Formación 2006 para persoal da Deputación e Concellos da Provincia da Coruña.

³Póxima información



As actividades formativas propostas atenden ás seguintes **características xerais**:

Destinatarios/as

Responsables e persoal técnico da Área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico, dos concellos da provincia de A Coruña.

Inscrición

Gratuita, a través dos procedementos e criterios que se determinen para cada actividade. A data límite de recepción de inscricións será o 10 de decembro de 2007.

Acreditación

Entregarase certificación acreditativa da participación, sempre e cando se satisfagan os requisitos de asistencia (75%), realización de tarefas e criterios de avaliación que se establezan para cada actividade.

Contacto e información

Horario de 12:00 a 14:00 de martes a xoves

Tfno.: 981-563100 ext. 13753

interea@usc.es

Observacións

As accións formativas están suxeitas a modificacións ou cancelación de non contar cun número mínimo de participantes, aspectos que se comunicarían con antelación suficiente ás persoas que solicitan participar nas mesmas.



Xornada Monográfica

Cultura en rede. Cooperación intermunicipal en cultura

Natureza e xustificación

A articulación de dinámicas e estratexias de cooperación intermunicipal só pode enmarcarse na vontade dos responsables políticos e técnicos dos concellos –en particular os de menor tamaño poboacional– de xerar, promover, coordinar e ofrecer máis e mellores programas e servizos culturais á cidadanía. O labor intermunicipal en rede, grazas ao efecto sinérxico que xera, fai posible unha expansión do marco de actuación municipal nunha dimensión en moitos casos impensable e mesmo materialmente imposible para algunhas das nosas entidades locais.

Son tantas as bondades dos conceptos como laborioso o camiño que comporta o seu logro, no que é preciso superar dificultades de diversa índole, fundamentalmente as derivadas do proceso administrativo e o logro de consensos na definición das propostas.

Esta actividade formativa pretende ofrecer elementos de análise e reflexión así como instrumentos e procedementos de acción que permitan aos responsables políticos e técnicos dos concellos coruñeses avanzar nas propostas de asociacionismo intermunicipal.

Relatores/as

Santiago Martínez i Illa. Director do Servizo de Planificación Estratéxica. Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya.

Fátima Rodríguez Figueiras. Xerente da mancomunidade Arousa Norte.

Equipo CRIC. Técnicas e técnicos de cultura dos concellos de Aranga, Oza dos Ríos e Sada.

Obxectivos

- Promover elementos de análise e reflexión sobre o alcance, potencialidades, posibilidades e dificultades das estratexias de cooperación entre entidades locais no ámbito da cultura.
- Coñecer e debater experiencias de traballo en rede.
- Aproximarse a algunhas estratexias, procedementos e tarefas do proceso cooperativo.
- Sensibilizar, xerar e/ou potenciar dinámicas de creación de redes intermunicipais culturais.

Contidos

- Relatorios
 - A cooperación cultural intermunicipal: retos e posibilidades.*
 - A mancomunidade Arousa Norte, unha rede de cooperación en turismo e cultura.*
- Experiencias
 - CRIC Proposta de creación dunha rede intermunicipal en cultura.*
- Obradoiros
 - Protocolos de cooperación intermunicipal.*
 - Aproveitamento compartido de recursos culturais.*

Metodoloxía

Actividades teórico-prácticas combinando relatorios plenarios, exposición e debate de experiencias e dinámica de obradoiro en grupo medio.

Prazas

50

Duración

8 horas.

Datos e horarios

15 de febreiro de 2008
de 10:00 a 14:00
e de 16:00 a 20:00

Lugar

Bergondo.
Pazo de Mariñán



Obradoiro

A web como espazo da cultura en rede

Natureza e xustificación

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) son un factor determinante na conformación dos procesos de produción e consumo cultural. Este obradoiro céntrase nas potencialidades do novo entorno tecnolóxico para o desenvolvemento do quefacer cultural na Administración Local, a través da web como espazo relacional no que colaborar, producir procesos creativos e compartir proxectos, iniciativas e sensacións.

A partir de conceptos como o de Web 2.0, de experiencias, de boas prácticas e da análise das formas de traballo propias dos participantes, traballarase na definición dun espazo web no que se integren ferramentas que posibiliten a creación dunha rede cultural dos municipios da provincia da Coruña.

Relatores/as

Lucía Blanco Vallejo. Licenciada en Pedagogía; especialista en e-learning, deseño e comunicación multimedia; asesora en deseño de interfaces e contidos on-line.

Carlos Santos Mato. Mestre, psicopedagogo e blogger; membro fundador de Aulablog e coordinador pedagóxico nas Galescolas.

Obxectivos

- Analizar as características xerais, as potencialidades e as limitacións da rede como plataforma para a comunicación e a construción colectiva no ámbito cultural.
- Identificar as necesidades e posibilidades funcionais específicas para un quefacer cultural compartido na Administración Local.
- Definir e concretar formas de traballo e ferramentas axeitadas para a creación e difusión de cultura.

Contidos

- A globalización e localización da cultura.
- Novos escenarios culturais: Web 2.0 e masificación cultural.
- Identificación de boas prácticas.
- Relacionando proxectos e ferramentas sociais: novas formas de traballar en cultura.

Metodoloxía

Proposta de aprendizaxe activa e compartida fundamentada na interacción e diálogo dos participantes para o deseño dun Portal Web que responda ás necesidades do quefacer cultural na sociedade rede.

Prazas*

25

Duración

10 horas.
8 h presenciais
2 h traballo aplicado

Datas e horarios

22 de febreiro de 2008
de 10:00 a 14:00
e de 16:00 a 20:00

Lugar

Sta. Comba
Telecentro

* Darase prioridade aos participantes na xornada monográfica "novas tecnoloxías e xestión cultural" (Interea - formación 2006).



Natureza e xustificación

Acadar maiores cotas de participación cidadán nas comunidades locais vense presentando como un desafío para os responsables políticos e técnicos que reiteradamente expresan o seu interese e preocupación por este obxectivo. Pero na realidade son escasas as estratexias, canles e compromisos que permitan avanzar na súa consecución. Doutra banda, os cidadáns senten que as súas necesidades non son escoitadas nin comprendidas, amosando unha crecente indiferenza aos reiterados chamamentos a involucrarse en procesos participativos.

Esta actividade formativa pretende ofrecer elementos de reflexión e ferramentas que acheguen ambas posturas co obxectivo de propiciar a participación da poboación nas decisións da Administración Local e concreción das súas solicitudes.

Relator

Tomás Rodríguez-Villasante. Facultade de Ciencia Política e Socioloxía da Universidade Complutense de Madrid. Presidente do Observatorio Internacional de Cidadanía e Medio Ambiente Sostenible (CIMAS).

Obxectivos

- Promover elementos de reflexión e análise que permitan contrastar percepcións e estreitar a distancia entre as perspectivas técnico-administrativas e as cidadás.
- Posibilitar espazos para o coñecemento e aplicación de técnicas participativas nos contextos locais.
- Poñer en común desafíos e dificultades percibidos polos profesionais na súa actividade de dinamización social.

Contidos

- Prexuízos profesionais arredor da participación.
- Teoría de redes e sociogramas.
- Obradoiros de Creatividade Social (Tetralemas e Fluxogramas).
- Estrutura dunha planificación.

Metodoloxía

Actividades teórico-prácticas, con dinámicas de grupo nas clases presenciais (32 horas) e proxección dalgunhas técnicas no contexto profesional, no traballo práctico (8 horas).

Prazas*

25

Duración

40 horas
(4 xornadas)
32 h presenciais
8 h traballo aplicado

Datas e horarios

7, 8, 27 e 28
de marzo de 2008
de 09:30 a 14:00
e de 16:00 a 20:30

Lugar

Oleiros
CEIDA
Castelo de Sta. Cruz



Carmen Morán (Coordinación)

Luzía de Abreu

J. Gumersindo Alonso

M^a Dolores Candedo

Laura Cruz

Lucía Iglesias

Yésica Teijeiro